




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



CARMEN GOMEZ OTERO SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de servizos sociais con data vinteseite de outubro de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 553 / 2015

Data decreto: 27/10/2015

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases para a formación da III Bolsa de traballo praza ATS/DUE da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ, PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistos que os movementos da bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de ATS/DUE da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto creada por decreto nº 49/2012 de data 07/03/2012 e II bolsa de traballo aprobada por decreto nº 417/2012 de data 27/12/2012 xeran a necesidade urxente de ter unha nova bolsa de traballo deste persoal laboral temporal.

Visto o informe de secretaria intervención en relación con esta selección do persoal laboral temporal de data 27/10/2015.

Considerando que se cumpre a normativa contida na Lei 7/2007 do 12 de abril do Estatuto Básico do empregado público en relación cos principios a aplicar e procedementos de selección dos empregados públicos (entre eles do persoal laboral neste caso temporal).

Visto o Decreto 478/2015 de data 16/09/2015 de delegación de atribucións da Alcaldía en relación a sinatura e xestión nas materias da área de servizos sociais e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Acordar a convocatoria para a formación de bolsa de traballo de cobertura de prazas de ATS/DUE para a Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto considerando todo este persoal como laboral temporal facendo a súa selección por concurso oposición e aprobar as bases que rexerán a bolsa de emprego e que se reproducen a continuación:

“ BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DA III BOLSA DE TRABALLO POR CONCURSO OPOSICIÓN PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE ATS/DUE DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO”

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a creación de bolsa de traballo, mediante concurso oposición para cobertura de prazas de persoal laboral temporal ATS/DUE para Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto.

As contratacións a realizar serán por contrato de servizo duración determinada, con salario bruto de 1.059,77 euros con dúas gratificacións extraordinarias aparte que se abonarán con dereito a cobrar semestralmente equivalentes a unha mensualidade de salario base, a primeira con dereito a percibir do 1 de decembro ao 31 de maio e pagamento coa nómina de xuño, a segunda con dereito a cobrar do 1 de xuño ao 30 de novembro e pagamento coa nómina de decembro.

A xornada en cómputo anual será de 1.776 horas, 40 horas semanais para xornada completa e para parcial 20 horas semanais, en principio en xornada continua (partida por acordo coa xefatura do persoal que sería a Acaidía de Boimorto), tendo dereito a un descanso mínimo semanal dun día e medio 36 horas sen interrupción, descanso que deberá coincidir en domingo polo menos unha vez dentro dun período de 4 semanas, sen prexuízo de cambios en xornada ou descansos por acordo co Alcalde do Concello de Boimorto. As vacacións serán 22 días hábiles.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma. “Artigo 57 referido ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxeto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os ó do Goberno das Administracións Públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 á que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso ao emprego público como persoal funcionario, extenderáse igualmente á persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os extranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores , así como os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder á Administración Pública como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre

que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderá desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.”

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos ó constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares á que desempeña no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

Requisito de titulación:

Estar en posesión da Diplomatura Universitaria de Enfermería ou ATS, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes. Copia compulsada.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 4 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun Exercicio entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Tribunal:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun

tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será correxido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamente de puntuacións finais e proposta dos/as candidatos/as.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web.

Cada aspirante terá como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo ata o **día 20 de novembro incluído ás 14:00 horas**, solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II, dirixida ao Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

.-Fotocopia compulsada do DNI

.-Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

.- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

.- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Por ter experiencia na administración pública ou sector privado en posto similar será acreditada mediante contratos de traballo ou certificado de empresa no que consten as tarefas desempeñadas, IAE no caso de traballadores autónomos e informe de vida laboral da Seguridade Social.

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo deberá acreditarse mediante as correspondentes certificacións do órgano competente ou ben mediante orixinal ou copia compulsada das titulacións correspondentes.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando dous días hábiles aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederá a Comisión seleccionadora a valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as .

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: A Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto (D^a M^a Teresa Gómez Cea)

-Suplente presidente : A Traballadora social do Concello de Toques (D^a Guadalupe Vázquez Ascariz

1º vogal: A Técnica local de emprego do Concello de Boimorto (D^a Ana M^a Vallo Camba)

-Suplente 1º vogal: A Técnica local de emprego do Concello de Toques (D^a Mónica Seijas Rey)

2º vogal: A Traballadora social do Concello de Boimorto (D^a M^a Esther Vidal Pandelo)

-Suplente 2º vogal: A Traballadora social do Concello de Vilasantar (D^a M^a Montserrat Varela Vázquez)

Secretaria: a do concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e da Secretaria.

Quinta.- Sistema de contratacións e bolsa de traballo

As contratacións realizaranse cos candidatos/as que obteñan a maior puntuación na modalidade de contrato laboral temporal de servizos, adscritos aos servizos da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto. A bolsa de traballo quedará sen efectos unha vez que segundo a prestación do servizo non haxa necesidade de disposición de máis persoal.

Establécese un período de proba dun mes que será reflectido por escrito no contrato, podendo durante a súa vixencia as partes contratantes resolver de forma unilateral e libremente a relación laboral sen necesidade de aviso previo e sen dereito a ningunha indemnización.

Cos candidatos/as que superaron o concurso con alomenos 12 puntos crearase unha bolsa de traballo. Esta bolsa de contratación publicarase no taboleiro de edictos do concello coa orde de chamamento en función da puntuación obtida.

O desempate en puntuación para selección ou para formar parte da bolsa partirá da puntuación obtida na experiencia laboral e de manterse o empate da puntuación en formación, de manterse decidírase por oposición. De persistir desfariase por sorteo ante a Comisión Seleccionadora.

O sistema que se seguirá nesta bolsa de contratación é o seguinte:

Cando sexa precisa a contratación dunha auxiliar de enfermería avisarase mediante chamada telefónica á persoa a quen corresponda, segundo a orde establecida.

Unha vez aberto contrato con algún traballador terá preferencia o seguinte ao último contratado por orde de puntuación nas sucesivas contratacións. Non obstante, teranse en conta, no chamamento, as limitacións legalmente establecidas en canto á utilización da contratación laboral temporal.

A bolsa funcionará con carácter rotatorio estando vixente ata que na prestación do servizo non haxa necesidade de dispoñer de máis persoal, de tal forma que aquelas persoas que se lles ofreceu un contrato de traballo e renunciaren pasarían ao último lugar coas especialidades sinaladas en rexeitamentos de ofertas.

Sexta.- Rexeitamentos de ofertas

O rexeitamento polo interesado de calquera dos contratos sen causa xustificada dará lugar a súa exclusión da lista.

Non obstante, considerarase causa xustificada para non atender ao chamamento que realice o Concello, sempre e cando sexa o primeiro rexeitamento, calquera das seguintes:

Que a persoa se atopase traballando, nese caso está obrigada a xustificar esta circunstancia no día hábil seguinte.

Enfermidade do traballador debidamente xustificada.

Maternidade ou adopción.

Matrimonio.

Estas circunstancias, así como calquera outra que se puidese entenderse como xustificativa do rexeitamento da oferta, deberán ser acreditadas dentro do día hábil seguinte ao chamamento, expulsándose da lista se non o acreditase. En todo caso, será necesario acreditar a finalización da mesma.

Serán excluídos da lista aqueles que causen baixa voluntaria durante a vixencia dun contrato sen causa xustificada, así como os que rexeiten por segunda vez un contrato sen causa xustificada.

Contra a perda da orde na lista, así como contra a exclusión da mesma, poderá formularse reclamación no prazo de cinco días ante o Alcalde de Boimorto, quen resolverá de xeito fundamentada.

Cando se realice a chamada telefónica para unha contratación á persoa da lista que corresponda segundo a orde establecida e ésta non conteste antes dunha hora, pasarase a chamar á seguinte, debendo presentar igualmente a causa xustificada por non atender ao chamamento que realizou o Concello para non ser excluída da lista.

Dous rexeitamentos polo interesado de calquera dos contratos aínda con causa xustificada suporá a exclusión da lista.

Sétima.- Formalización do contrato

O contrato formalizarase a requerimento da Administración acreditada presentado polos/as aspirantes:

- Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

Oitava.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Novena.- Dereito supletorio.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Décima.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

FASE DE CONCURSO (MÁXIMO 10 PUNTOS)

Baremo de méritos para valorar o concurso

A) Méritos profesionais :

Experiencia laboral como A.T.S./ D.U.E. en calquera Administración Pública (**máximo tres puntos**) 0,20 puntos por mes traballado.

Experiencia laboral como A.T.S./ D.U.E. en centros asistenciais e sanitarios de titularidade privada (**máximo un punto**) 0,10 puntos por mes traballado.

Este mérito acreditarase mediante contratos de traballo ou certificado de empresa no que consten as tarefas desempeñadas, IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos e informe de vida laboral ano 2015 actualizado sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada . Non se computarán as fraccións de mes nin días soltos.

B) Formación :

- Cursos de formación e perfeccionamento profesional directamente relacionados coa atención xeriátrica, que estean homologados por entidades, institucións ou centros públicos (**máximo tres puntos**).

Os cursos con duración inferior a dez horas ou sen especificar as mesmas non se computarán.O resto a razón de 0,50 puntos por cada curso de 10 ou máis horas .

- Cursos de formación e perfeccionamento profesional directamente relacionados coa atención sanitaria, aínda que non están relacionados coa atención xeriátrica que sexan impartidos ou homologados por entidades, institucións ou centros públicos (**máximo dous puntos**).

Os cursos con duración inferior a dez horas ou sen especificar as mesmas non se computarán. O resto a razón de 0,50 puntos por cada curso de 10 ou máis horas.

- Por estar en posesión, de polo menos unha das seguintes titulacións (só se valorará unha con **1 punto**):

Estudios universitarios de tipo medio ou superior relacionados coa área socio-sanitaria (Medicina, Terapeuta Ocupacional, etcétera), a excepción do requirido como requisito.

Os méritos de formación deberán acreditarse mediante as correspondentes certificacións do órgano competente ou ben mediante orixinal ou copia compulsada das titulacións ou diplomas correspondentes, non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos.

FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 24 PUNTOS)

Desenvolvemento escrito dos seguintes temas: organigrama de persoal, funcións ATS/DUE, regulamento de funcionamento da residencia de persoas maiores e centro de día do Concello de Boimorto segundo a “ Memoria de iniciativa pública na actividade económica da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto”, colgada na páxina web do concello no prazo máximo de 25 minutos.

Deberá ser leído polo aspirante en sesión pública ante a Comisión seleccionadora que, durante un tempo máximo de quince minutos, podrá realizarlle as preguntas que considere necesarias.

Valoración de **cero a 24 puntos**.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dna.....,con DNI
número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación

en.....CP.....localidade.....
..telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a formación de bolsa de traballo de ATS/ DUE da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

.....
.....
.....

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Publíquese no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web anuncio deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.

Boimorto vinteseite de outubro de dous mil quince

Perante min:

A 1ª Tenente de Alcalde e

A secretaria

Concelleira delegada de servizos sociais

Asdo.- Maria Jesus Novo Gomez

Asdo.- Carmen Gomez Otero>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en BOIMORTO, a 27 de outubro de 2015

Vº Pr.

○ Alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

